

Adaptación Da Programación Didáctica.

Centro: CPI Alcalde Xosé Pichel

Curso: 2019/2020

Materia: Tecnoloxía e TICs

Dacordo ás Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1.a - Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2º ESO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.	Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.
Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.	Traballa individualmente de xeito responsable.
Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.	Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.
Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	Describe as características propias dos materiais de uso técnico.
Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.
Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	Identifica e manipula con seguridade as ferramentas en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.
Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e	Elabora un plan de traballo con atención ás normas de seguridade e saúde.

empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	
Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.	Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.
Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.	Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.
Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas.	Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.

1.b - Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3º ESO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar de forma segura sistemas de intercambio de información.	Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.
Relacionar os efectos da enerxía eléctrica e a súa capacidade de conversión noutras manifestacións enerxéticas.	Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.
Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.	Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.
Explicar, mediante documentación técnica, as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización.	Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.
Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	Explica o esquema básico de funcionamento dunha computadora
Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.	Explica as magnitudes eléctricas e a súa relación segundo a Lei de Ohm
Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	Explica a importancia do sistema binario en computación e é quen de transformar números pequenos entre decimal e binario.

Deseñar e simular circuítos con simboloxía adecuada e montar circuítos con operadores elementais.	Analiza o funcionamento de circuítos eléctricos básicos
Deseñar e simular circuítos con simboloxía adecuada e montar circuítos con operadores elementais.	Coñece a simboloxía elemental de electricidade
Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.	Diferencia entre condutores e illantes e pon exemplos
Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.	Pon exemplos xustificados de aparellos que funcionan con corrente alterna e continua
Experimentar con instrumentos de medida e obter as magnitudes eléctricas básicas.	Ordea os fitos históricos máis importantes en relación á electricidade.

1.c - Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º ESO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole na resolución de problemas tecnolóxicos sinxelos.	Explica os fundamentos da electrónica dixital e a importancia desta no desenvolvemento humano.
Experimentar coa montaxe de circuítos elementais e aplícalos no proceso tecnolóxico.	Describe o funcionamento dun circuítos electrónico formado por compoñentes elementais.
Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuítos electrónico e os seus compoñentes elementais.	Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.
Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuítos electrónico e os seus compoñentes elementais.	Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente.
Realizar operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole na resolución de problemas tecnolóxicos sinxelos.	Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.
Realizar operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole na resolución de problemas tecnolóxicos sinxelos.	Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.

Resolver mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.
Utilizar equipamentos informáticos.	Elabora documentación gráfica de apoio para unha presentación oral
Coñecer a evolución tecnolóxica ao longo da historia.	Ordena e explica acontecementos históricos desde unha perspectiva tecnolóxica

1.e - Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º ESO TICS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.	Explica os feitos fundamentais da historia da computación e os relaciona.
Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	Explica os distintos compoñentes dunha computadora, a súa función e a relación entre eles.
Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	Explica que é unha linguaxe de programación, a súa función, as súas posibilidades e a súa relevancia no desenvolvemento humano
Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	Coñece as instrucións básicas de Python e é capaz de elaborar un programa sinxelo
Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	Emprega un programa de deseño vectorial para crear ilustracións sinxelas, seguindo tutoriais.
Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	Emprega un programa de edición de imaxe dixital para facer tarefas básicas de modificación de imaxe.
Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	Coñece as diferencias entre imaxe vectorial e raster e distingue os seus usos prioritarios

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: A avaliación do traballo de reforzo, afondamento e ampliación farase mediante a recollida de traballos online. Para o alumnado que non acadou o 80% dos contidos mínimos esixibles, realizaranse probas de recuperación, escritas e/ou orais de xeito remoto.
	Instrumentos: Probas orais mediante videoconferencia no soporte de Webex e probas escritas mediante cuestionarios online. Recollidas de traballos dixitais. Soporte fotográfico y videográfico que documente la elaboración de prototipos.
Cualificación final	O método de cualificación desenvólvese no anexo I
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria farase sobre os estándares mínimos imprescindibles establecidos neste documento. No caso de non poder facerse de xeito presencial, farase de xeito oral por videoconferencia, xa que o alumnado suspenso para setembro será moi pouco.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación da materia pendente serán os establecidos na programación ordinaria, se ben se terá moi en conta a especial situación e se definirá o traballo dacordo cos contidos mínimos esixibles.
	Criterios de cualificación: Será preciso superar un 60% dos contidos mínimos esixibles para aprobar a materia pendente.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: empregárase un caderno de actividades persoalzado que será avaliado en xuño e, de non superarse, fornecerase orientacións académicas ao alumno para que poida corrixir o seu traballo de cara á avaliación extraordinaria de setembro. En 2º ESO, pedirase un prototipo realizado na casa que se entregará co caderno de actividades.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>2º ESO: realízanse actividades de afondamento e repaso a partir de recursos web, tanto escritos como videográficos, sobre as cales se recollen traballos ou respostas a cuestionarios online. Manipularase material co que se creará un prototipo. Tamén se fan actividades de ampliación sobre mecanismos con material educativo (vídeos de animación) elaborado por Ancora Audiovisual.</p> <p>3º ESO: realízanse actividades de afondamento e repaso a partir de recursos web, tanto escritos como videográficos, sobre as cales se recollen traballos ou respostas a cuestionarios online. Tamén se fan actividades de ampliación sobre a simulación de circuitos eléctricos e electrónicos con videoguías elaboradas polo profesorado.</p> <p>4º ESO: realízanse actividades de afondamento e repaso mediante simulación de circuitos electrónicos con videoguías. As actividades de ampliación serán en forma de propostas de traballo abertas para as que o alumnado deberá elaborar recursos en diferentes soportes. Estas actividades serán desenvolvidas tendo en conta a evolución do alumnado, polo que irán adaptándose ás demandas e capacidades deste.</p> <p>TICs 4º ESO: realizaranse actividades de afondamento e repaso mediante a entrega de traballos abertos que versen sobre os contidos desenvolvidos nos dous primeiros trimestres. As actividades de ampliación serán traballos de deseño web sobre a plataforma online glitch.com realizados co soporte de videoguías.</p> <p>En todos os cursos se entregarán actividades específicas para o alumnado que teña algunha das dúas primeiras avaliacións suspensas.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</p>	<p>En 2º da ESO o alumnado de tecnoloxía ten a suficiente conectividade compo para seguir a un nivel aceptable o ritmo das actividades. Para un alumno de ACI emprégase, sen embargo, o documento en papel (que se lle leva a casa mediante asistencia social do Concello). Este cambio na metodoloxía non responde a falta de conectividade senón a falta de autonomía no traballo de forma individual.</p> <p>As actividades encomendadas pretenden ser abordables pola maioría do alumnado con pautas que poidan seguir e canles de comunicación coñecidas (emprego de E-DixGal) para a entrega e corrección das mesmas. A maioría correxiranse mediante un “ben, regular, mal” para axilizar os procesos e fomentar a participación e o traballo contínuo do alumnado.</p>

	<p>O alumnado pode comunicarse coa profesora por medio da plataforma empregada xa en clase E-DixGal (mensaxe ou foro), enderezo electrónico ou videoconferencia.</p> <p>En 3º e 4º da ESO, todo o alumnado das materias de tecnoloxía e TICs ten a suficiente conectividade como para seguir a un nivel aceptable o ritmo das actividades, polo que non se especifica ningunha distinción metodolóxica. As actividades encomendadas pretenden ser abordables pola grande maioría do alumnado, teñen pautas claras de elaboración e canles sinxelas para a entrega e corrección das mesmas. A maioría delas son avaliábeis como "apto/non apto", tentando con isto fomentar o traballo continuo por parte do alumnado. Empréganse plataformas de manexo de aula.</p> <p>O alumnado pode comunicarse co profesor por correo electrónico e se manteñen reunións por videoconferencia para clarear dúbidas e intercambiar información cando o alumnado o demanda.</p>
Materiais e recursos	<p>Para 2º da ESO os recursos e materiais quedarán recollidos na plataforma E-DixGal e, en xeral son: exercicios, vídeotutoriais, vídeos e podcast divulgativos, etc...</p> <p>Indicamos abaixo as ligazóns ás videoguías empregadas en 3º e 4º da ESO, que son o principal recurso para o traballo neste trimestre. Son materiais en desenvolvemento que irán medrando aquí a final de curso.</p> <p>Videoguías 3º ESO</p> <p>Videoguías 4º ESO</p> <p>Videoguías 4º ESO TICs</p> <p>Sobre estas videoguías é sobre as que se desenvolven cuestionarios e traballos para entregar.</p> <p>O resto de recursos e materiais que se vaian empregando a medida que avance o trimestre, quedarán recollidos na plataforma de xestión de aula.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>2º ESO será informado mediante a propia plataforma E-DixGal cun documento de descarga forzosa en pdf explicativo sobre a Avaliación e cualificación na sección adicada a Terceira Avaliación.</p> <p>3º ESO e 4º ESO recibirán esta adaptación da programación polo correo persoal do alumnado. Enviarase tamén o anexo de cualificación de xeito independente para favorecer a atención ao mesmo.</p>
Publicidade	<p>O documento será publicado nunha parte visible da web do centro, xunto co de todos os departamentos.</p>

Anexo I - Cualificación dpto. Tecnoloxía

1 - Cálculo da nota presencial

A nota da parte presencial (primeira e segunda avaliación ata o 13 de marzo) farase por media directa da nota das dúas avaliacións, agás no caso de que o alumno teña algunha avaliación suspensa (ver apartado 3.2)..

2 - Cálculo da nota da terceira avaliación

A nota da terceira avaliación calcularase de cero a dez en función do traballo entregado e a calidade das tarefas. Por curso:

2º ESO:

As actividades ata o día 1 de maio contarán 4 puntos

As actividades entre o 2 de maio e fin de curso contarán 6 puntos.

3º ESO:

As actividades ata o día 1 de maio contarán 4 puntos

As actividades entre o 2 de maio e a fin de curso contarán 6 puntos

4º ESO:

As actividades ata o día 10 de maio contarán 4 puntos

As actividades entre o 11 de maio e fin de curso contarán 6 puntos

4º ESO - TICs:

As actividades ata o 10 de maio (1-8) contarán 4 puntos

As actividades entre o 11 de maio e a fin de curso contarán 6 puntos

3 - Cálculo da nota final

É requisito imprescindible para aprobar a materia na avaliación extraordinaria ter superado o 80% dos contidos mínimos esixibles na adaptación da programación. Considérase que un alumno supera o 80% dos contidos mínimos esixibles cando non ten suspensa ningunha das dúas primeiras avaliacións.

A nota final da avaliación ordinaria calcularase do seguinte xeito:

3.1 - Alumnado con algunha avaliación suspensa

Entenderase que este alumnado non supera o 80% dos contidos mínimos esixibles. Durante o terceiro trimestre, ofreceráselle traballo de recuperación orientado a que acade estes obxectivos. Se con este traballo os supera, considerarase unha media presencial de 5 e a súa nota da avaliación ordinaria se calculará pola fórmula descrita na seguinte sección.

Se o alumnado non acada o 80% dos contidos mínimos esixibles co traballo de recuperación ofrecido, suspenderá a avaliación extraordinaria coa nota media das avaliacións suspensas.

3.2 - Alumnado sen avaliacións suspensas

Entenderase que este alumnado supera o 80% dos contidos mínimos esixibles.

A nota será calculada aplicando a seguinte fórmula:

$$N = n_p + n_3 \cdot 0,199$$

N -> nota final
 n_p -> nota presencial
 n_3 -> nota da terceira

Deste xeito, o alumnado poderá sacar ata dous puntos sobre a nota das avaliacións presenciais grazas ao traballo da terceira avaliación.